

Identificación e fomento de manexos gandeiros economicamente e ambientalmente máis sustentables (MR331 FEADER 2022-068B)

Obxectivo 1. Avaliar a rendibilidade en diferentes manexos na produción de vacún de carne e crear unha ferramenta informática en liña

A aplicación en liña foi creada e presentou os resultados esperados. Contouse coa colaboración de máis granxas das inicialmente previstas. Isto permitiu a análise da rendibilidade das granxas nos dous exercicios económicos previstos: 2022 e 2023. As conclusións cuantitativas e cualitativas rexistráronse en varios informes parciais, con contidos orientados tanto ás granxas individuais como ao sector en xeral. Velaquí os resultados económicos máis significativos:

- Controlar os custos de produción ten máis importancia que aumentar o volume da granxa, aumentar o peso ou calidades dos canais ou o prezo final da carne;
- É posible producir canais menos pesados e de menor calidade, conseguindo o maior beneficio polo aforro que supón unha boa xestión da alimentación;
- Existen maneiras de xestionar o pasto que semellan dar máis rendibilidade;
- O engorde dos becerros adoita ser máis interesante que a venda para a vida;
- Os cruzamentos industriais van asociados a unha menor rendibilidade;
- Un maior volume de produción por persoa ocupada adoita significar menor eficiencia económica;
- Unha correcta reprodución é fundamental.

Obxectivo 2. Identificar e avaliar agronomicamente diferentes manexos de pastos na produción de vacún de carne combinando o enfoque ambiental e o enfoque produtivo

Ensaio de labra do solo

As conclusións apuntan na dirección das hipóteses:

- En xeral, as pradeiras presentan síntomas de compactación.
- O cultivo intermedio de millo descompacta o cultivo, pero as pradeiras posteriores volven compactar na mesma medida.
- O traballo do solo para o cultivo do millo libera grandes cantidades de carbono do solo, xa que a taxa de materia orgánica baixa significativamente.

Ensaio de ivermectinas

As conclusións distan do previsto: non atopamos diferenzas significativas en ningún dos tratamentos estudados.

Ensaio-demostración de xestión de refugallos

Houbo certas dificultades, pois parte dos produtores colaboradores entenderon con dificultade o traballo que tiñan que realizar. Por esta razón, o ensaio prolongouse un segundo ano. Os resultados non permiten identificar diferenzas significativas máis alá de aspectos cualitativos subxectivos.

Ensaio-demostración sobre sistemas de pastoreo

O deseño do ensaio, con colaboración activa de gandeiros/as, presentou dificultades para unha correcta realización. Iso significa que nalgún momento as parcelas non foron tratadas estritamente segundo o previsto. Aínda así, os resultados finais estímanse fiables. Porén, non identificamos diferenzas significativas en relación ás analíticas do solo. En cambio, si

que apareceron diferenzas en relación ás poboacións de herbas. Isto permitiu elaborar unhas conclusións en outros tipos de manexos que son máis produtivos e respectuosos co medio.

Ensaio de produtividade animal

Un dos resultados importantes do proxecto mostra que a nosa planificación metodolóxica na granxa debe mellorarse. Aínda que os produtores realizaron as pesadas, tiñamos previsto obter máis resultados. Neste ensaio, igual que nos anteriores, tivemos que alongar o período para conseguir os datos suficientes. Combinouse o ensaio co estudo, non previsto inicialmente, dos pesos e das calidades finais segundo os datos dos matadoiros. Os resultados suxiren que:

- Hai gran diversidade de situacións no campo, o que dificulta elaborar unhas conclusións xerais.
- Non puidemos detectar efecto do pastoreo sobre as calidades.
- As ganancias medias diarias en plena produción de pastoreo son significativamente superiores aos períodos sen pasto. Como observación adicional, deducimos un escaso 5 % de realización, xa que a análise da calidade das carnes mediante ecógrafo non se se puido realizar ata o final, por problemas técnicos do experto que realizou as ecografías: as medicións realizáronse, pero non tivemos acceso ás fotografías finais.

Outros obxectivos. Difundir e fomentar os sistemas produtivos máis rendibles e respectuosos co ambiente a través da elaboración dun manual de propostas técnicas e boas prácticas agrogandeiras

Leváronse a cabo charlas de difusión e xornadas cos/as gandeiros/as participantes no proxecto. Fíxose o curso de xestión en liña e editouse máis material de difusión do previsto inicialmente.